[Gal/Cast] Ecoar: Umha ferramenta contra a repressom

ECOAR :: 20/03/2013

Nace en Vigo, ECOAR))), espacio que quiere promover la movilización de la ciudadanía en pro de un sistema social justo

Galego

Nos últimos meses faise habitual ler ou escoitar nos medios de comunicación sobre novas mobilizacións por parte da cidadanía para reclamar, de forma pacífica, xustiza social e respecto aos dereitos e liberdades. En máis dunha ocasión, como tristemente sabemos, a resposta do Estado chegou en forma de violencia, exercida de xeito desproporcionado e brutal sobre un grupo de cidadáns e cidadás que, en representación de todas aquelas persoas que non estamos de acordo co rumbo que están tomando as cousas e coas medidas adoptadas polo Goberno, manifestaban pacificamente o seu desencanto e a súa negativa a perpetuar un sistema inxusto que permite que cada vez sexan máis as persoas que viven na pobreza mentres a minoría privilexiada segue aumentando as súas contas bancarias.

Nestas ocasións, a cidadanía (e con ela todo o que representa) é esmagada, golpeada e reprendida por facer uso do seu dereito á liberdade de expresión, a pesar de tratarse de actos de desobediencia exercida dende a responsabilidade e a reflexión. Unha desobediencia lexitimada pola coherencia coa ética persoal, o compromiso e a conciencia social da que fan gala as persoas que, con cada nova mobilización, se reúnen.

Neste contexto naceu fai xa algúns meses ECOAR))), Espazo de (Contra)discurso, Construción e Coordinación de Alternativas e Resposta social, unha plataforma cidadá que pretende funcionar como foro no que poder diagnosticar a realidade dende a pluralidade, definindo e propoñendo alternativas, promovendo a mobilización da cidadanía e traballando a prol dun sistema social xusto dende a cidadanía e dende Vigo. ECOAR))) será presentada á cidadanía o vindeiro 21 de marzo, ás 20:30h. terá lugar, no Teatro Ensalle de Vigo.

b>
Castellano

En los últimos meses es muy habitual leer o escuchar en los medios de comunicación noticias sobre nuevas movilizaciones por parte de la ciudadanía para reclamar, de forma pacífica, justicia social y respeto a los derechos y libertades. En más de una ocasión, como tristemente sabemos, la respuesta del Estado llegó en forma de violencia, ejercida de manera desproporcionada y brutal sobre un grupo de ciudadanas y ciudadanos que, en representación de todas aquellas personas que no estamos de acuerdo con el rumbo que están tomando las cosas y con las medidas adoptadas por el Gobierno, manifestaban pacíficamente su desencanta y su negativa a perpetuar un sistema injusto que permite que cada vez sean más las personas que viven en la pobreza mientras la minoría privilegiada sigue aumentando sus cuentas bancarias.

En estas ocasiones, la ciudadanía (y con ella todo lo que representa) es aplastada, golpeada

y reprendida por hacer uso de su derecho a la libertad de expresión, a pesar de tratarse de actos de desobediencia ejercida desde la responsabilidad y la reflexión. Una desobediencia legitimada por la coherencia con la ética personal, el compromiso y la conciencia social de la que hacen gala las personas que, con cada nueva movilización, se reunen.

En este contexto nació hace ya algunos meses ECOAR))), Espacio de (Contra) discurso, Construcción y Coordinación de Alternativas y Respuesta social, una plataforma ciudadana que pretende funcionar como foro en el que poder diagnosticar la realidad desde la pluralidad, definiendo y proponiendo alternativas, promoviendo la movilización de la ciudadanía y trabajando en pro de un sistema social justo desde la ciudadanía y desde Vigo. ECOAR))) será presentada a la ciudadanía el próximo 21 de marzo, a las 20:30 y tendrá lugar en el Teatro Ensalle de Vigo.

---

https://galiza.lahaine.org/gal-cast-ecoar-umha-ferramenta-contra-a